

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 24 DE MAIO DE 2017,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Organización e Control de Obras de Construción.
- Decreto polo que se establecen seis currículos de títulos profesionais básicos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se recoñece a condición de comunidade galega á entidade Xuntanza de Galegos de Alcobendas.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en materia de seguridade nos edificios da Administración de xustiza en Galicia para o 2017, por importe dun millón setecentos trinta e oito mil cincocentos euros (1.738.500 €).
- Acordo polo que se aproba o Plan anual normativo de 2017.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello da Bola, para o acondicionamento de zonas libres e paseos no núcleo de Podentes –zona 3- (A Bola), por un importe total de cento sete mil trescentos tres euros con sesenta e tres céntimos (107.303,63 €).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de San Amaro, para a adecuación do Campo da Feira no núcleo de San Amaro, por un importe total de cento cincuenta mil euros (150.000 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, para a adecuación da praza do concello no núcleo de Cerdedo, por un importe total de cento oitenta e dous mil seiscentos tres euros con noventa e un céntimos (182.603,91 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a integración das distintas modalidades de transporte público de competencia da Xunta de Galicia que faciliten a optimización deste servizo público, no marco do procedemento para a implantación dunha primeira fase da planificación do transporte público de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, en relación co programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, cofinanciadas parcialmente polo PO FSE Galicia 2014-2020, por un importe total de sete millóns catrocentos trece mil euros (7.413.000 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde das Pontes de García Rodríguez, feita a título gratuito polo Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña) a favor do Servizo Galego de Saúde.
- Acordo polo que se autoriza a aceptación da cesión do terreo e o inmovible do centro de saúde de Mugardos, feita a título gratuito polo Concello de Mugardos (A Coruña), a favor do Servizo Galego de Saúde.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre a ampliación do Programa de préstamos Igape-BEI.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN

- Informe sobre prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2017/18.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de resultados do Programa galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal (2002-2016).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o proxecto da Orde pola que se crea a Mesa da Castaña e se regula a súa organización, funcionamento e composición.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA SEIS NOVOS CURRÍCULOS DE FP BÁSICA E UN MÁIS DE CICLO SUPERIOR

- *Todos eles están adaptados ás necesidades da economía galega e ao Sistema nacional de cualificacións e formación profesional*

O Consello da Xunta aprobou hoxe seis novos currículos de formación profesional básica, así como outro máis de ciclo de grao superior. Deste xeito, o número de títulos de FP que o Goberno galego sacou adiante desde 2009 elévase xa aos 112, aos cales hai que sumar os 27 currículos de FP básica elaborados *ex novo*, incluídos os que recibiron esta mañá o visto e prace.

Todos os currículos actualizados inclúen a identificación do título, o seu perfil profesional, o contorno profesional, a perspectiva do título no sector ou nos sectores, as ensinanzas do ciclo formativo e a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os parámetros do contexto formativo no relativo a espazos, equipamentos, titulacións e especialidades do profesorado, e as súas equivalencias para efectos de docencia, de acordo co sistema nacional de cualificacións e formación profesional. Así mesmo, determínanse os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias, e a información sobre os requisitos necesarios, segundo a lexislación vixente, para o exercicio profesional, cando proceda.

Organización e Control de Obras de Construción

A competencia do título de técnico superior en Organización e Control de Obras de Construción consiste en organizar a pé de obra traballos de execución de edificación e obra civil, xestionando recursos, coordinando faenas e controlando unidades de obra realizadas, consonte as especificacións do proxecto, a planificación da obra, as instrucións recibidas, a normativa aplicable e as condicións establecidas en materia ambiental, de calidade, de seguridade e de saúde laboral.

Entre outros, poderán desenvolver o seu labor como encargados xefes de equipo en obras estruturais da construción, de obra de edificación, de obras de rehabilitación e reforma en edificación, de movemento de terras, de obra civil ou de firmes e pavimentos. Así mesmo, poderán exercer como xefes de taller ou encargados de traballadores de acabamento de edificios, capataces, técnicos de control documental ou especialistas en implantacións, entre outras ocupacións.

Actividades de Panadaría e Pastalaría

As persoas que obteñan o título profesional básico en Actividades de Panadaría e Pastalaría estarán capacitadas para recibir materias primas, preelaborar e elaborar

produtos básicos de panadaría e pastelería, presentalos para a súa venda e dispensalos.

Deste xeito, poderán traballar como auxiliares de panadaría e bolaría, de pastelería, de almacén ou de venda; ademais de como empregados de establecemento de pastelería.

Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios

A competencia do título profesional básico en Actividades Domésticas e Limpeza de Edificios consiste en realizar actividades domésticas de limpeza, cociña, coidado de roupa e apoio a persoas no ámbito doméstico, así como realizar operacións básicas de limpeza en edificios, oficinas e locais comerciais.

Entre outras ocupacións, as persoas que obteñan este título poderán desenvolver o seu traballo como limpadores, cociñeiros e pasadores do ferro domésticos, empregados de fogar, peóns especialistas de limpeza ou limpadores de cristais.

Mantemento de Vivendas

Pola súa parte, o título profesional básico en Mantemento de Vivendas dará a quen o acade as competencias necesarias para realizar operacións básicas de montaxe e mantemento de elementos de fontanaría, calefacción e climatización, pequenas reparacións e substitución de elementos sinxelos en instalacións electrotécnicas, en revestimentos continuos, en colocación de azulexos e en pintura, así como de montaxe e colocación de moblaxe prefabricada e complementos mobiliarios da vivenda.

Así, poderán acceder a postos de traballo como os de instalador de redes de subministración e distribución de auga, montador de mobles prefabricados de madeira ou similares, ou como axudante de pintor, de mantemento de instalacións electrotécnicas ou de fontaneiro. Así mesmo, poderán exercer como axudantes montadores e mantedores de equipamentos de calefacción e climatización.

Fabricación de Elementos Metálicos

A competencia do título profesional básico en Fabricación de Elementos Metálicos consiste en realizar operacións básicas de mecanizado e montaxe para a fabricación mecánica con materiais metálicos (férricos e non férricos), así como realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos.

Entre outras profesións, poderán exercer o seu labor como operarios de instalacións eléctricas de baixa tensión, axudantes de montadores de antenas receptoras de radio, televisión terrestre e televisión por satélite, operador de ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos, montador de compoñentes en placas de circuíto impreso, auxiliar de mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos, probadores

axustadores de placas e equipamentos eléctricos e electrónicos, peóns de industrias manufactureiras ou de industrias metalúrxicas, de fabricación de produtos metálicos e manufactureiras.

Así mesmo, poderán ocupar os postos de traballo de auxiliar de procesos automatizados, auxiliar soldador de materiais de aceiro ao carbono por arco eléctrico con eléctrodo revestido de rútilo ou de estruturas metálicas pesadas e lixeiras e de tubaxes; auxiliar de oxicortador á man, de cortador de metais por plasma á man, de procesos automatizados, de carpinteiro metálico ou de montador de estruturas metálicas.

Instalacións Electrotécnicas e Mecánica

As persoas que obteñan o título profesional básico en Instalacións Electrotécnicas e Mecánica terán competencias para realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións en edificios, así como operacións básicas de fabricación e montaxe para fabricación mecánica.

Entre outras ocupacións, poderán desenvolver as de operario de instalacións eléctricas de baixa tensión, auxiliar de procesos automatizados, peón de industrias manufactureiras ou da industria de produción e distribución de enerxía eléctrica. Así mesmo, poderán traballar como axudantes de montador de antenas receptoras de radio, televisión terrestre e televisión por satélite ou como axudantes de instalador de equipamentos e sistemas de comunicación ou axudantes de reparador de equipamentos telefónicos e telexráficos e de instalacións telefónicas.

Mantemento de Embarcacións Deportivas e de Recreo

Tamén no marco da formación profesional básica, os titulados en Mantemento de Embarcacións Deportivas e de Recreo estarán capacitados para realizar operacións auxiliares de mantemento electromecánico en sistemas e equipamentos, de reparacións en elementos estruturais e aparellos, de protección e embelecemento de superficies, e en embarcacións tanto deportivas como de recreo.

Desta forma, poderán traballar como auxiliares de mantemento de elementos de plástico reforzado con fibra, de sistemas mecánicos de embarcacións, de sistemas eléctricos e electrónicos de embarcacións ou de aparellos de embarcacións. Así mesmo, poderán ocuparse como auxiliares de carpinteiro de ribeira, pintores de embarcacións ou auxiliares de mantemento.

O CONSELLO ACORDA O RECOÑECIMENTO DE COMUNIDADE GALEGA PARA A ASOCIACIÓN XUNTANZA DE GALEGOS DE ALCOBENDAS

- *A entidade, que xa contaba co recoñecemento de centro colaborador, foi creada en 1988 e conta con 800 socias e socios*
- *Con esta nova incorporación, están adscritas arestora ao Rexistro de Galegidade un total de 176 entidades en España, Europa e América, das cales 110 contan coa categoría de 'comunidade galega'*

O Consello da Xunta acordou o recoñecemento oficial de comunidade galega para a Asociación Xuntanza de Galegos de Alcobendas, con sede nesta localidade madrileña, e que xa constaba coa categoría de centro colaborador no Rexistro da Galegidade, que xestiona a Secretaría Xeral da Emigración.

Tras esta nova incorporación, das 176 entidades contabilizadas no Rexistro da Galegidade, 110 son comunidades galegas, 45 centros colaboradores, 16 centros de estudo e difusión da cultura galega, 4 federacións de comunidades e entidades, e 1 rede social. Por áreas, 88 teñen a súa sede en América, 61 nalgún país europeo distinto a España e 27 nalgunha comunidade española distinta a Galicia.

A Asociación Xuntanza de Galegos de Alcobendas, presidida por Ovidio Cadenas, foi creada hai 29 anos. A súa banda de gaitas e danzas, e coro, acadaron certa resonancia na Comunidade Autónoma madrileña, e celebra actos sociais e culturais con importante presenza de galegos de primeira e segundas xeracións, e tamén de veciñanza xeral da localidade, moitas veces coincidindo con datas relevantes no calendario galego (Día das Letras, Día de Galicia, San Xoán, magostos, etcétera). A sede desta entidade é tamén a da Federación de Asociacións Galegas en Madrid (Fagama), comunidade autónoma con 14 inscritas no Rexistro da Galegidade.

Arestora, e segundo os datos do INE en 1 de xaneiro de 2017, residen 77.989 galegas e galegos na rexión madrileña. Esta cifra non abrangue as segundas xeracións xa nadas na diáspora pero que, por mor do traballo de entidades como Xuntanza de Alcobendas, conservan unha importante vinculación coa terra de orixe dos seus ascendentes.

XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR RENOVAN UN ANO MÁIS A COLABORACIÓN NA SEGURIDADE DOS EDIFICIOS XUDICIAIS GALEGOS

- *Realizarán esta vixilancia 203 efectivos: 122 gardas civís en situación de reserva e 81 membros do Corpo Nacional de Policía*
- *O convenio prevé un investimento de 1,7 millóns e aproveita a experiencia das forzas e corpos de seguridade do Estado na vixilancia e protección de edificios*
- *Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun novo convenio de colaboración e coordinación entre o Ministerio de Interior e a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza en materia de seguridade nos edificios xudiciais en Galicia. En virtude deste acordo, o Goberno autonómico destina en 2017 un total de 1,7 millóns de euros para que 203 axentes da Policía Nacional e Garda Civil custodien as instalacións xudiciais galegas.

O obxecto deste convenio é a vixilancia e protección nos edificios e instalacións da Administración de Xustiza en Galicia, que serán realizadas por membros do corpo da Garda Civil en situación de reserva e do Corpo Nacional de Policía en situación de segunda actividade ou activo, neste último caso cun mínimo de 58 anos de idade e 25 anos de servizo efectivo no Corpo, e así aproveitar a experiencia destes axentes na vixilancia e protección das instalacións e edificios xudiciais da Administración de xustiza de Galicia.

Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A XUNTA SEGUE NA SENDA DA MÁXIMA TRANSPARENCIA COA APROBACIÓN E PUBLICACIÓN DO PLAN ANUAL NORMATIVO 2017

- *O plan inclúe todas as iniciativas legislativas e regulamentarias que prevén aprobar neste ano*
- *Publicarase en <https://transparencia.xunta.gal>, para coñecemento da cidadanía galega*
- *A coordinación e seguimento do Plan anual normativo estará a cargo da Vicepresidencia da Xunta, que no primeiro trimestre do 2018 informará do grao de cumprimento do plan*

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación e posterior publicación no Portal de transparencia Goberno aberto da Xunta de Galicia, <https://transparencia.xunta.gal>, do Plan Anual Normativo 2017, que inclúe todas as iniciativas legislativas e regulamentarias que se prevé aprobar neste ano, para a súa posta á disposición e coñecemento por parte da cidadanía galega, que son 11 leis, 69 decretos e 25 ordes.

O Goberno galego dá un paso máis no compromiso coa máxima transparencia da Administración pública galega, dando cumprimento aos principios de boa regulación, seguridade xurídica e transparencia no que se refire á planificación normativa, iniciada pola nova lei reguladora do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que, anualmente, as administracións públicas farán público un plan normativo que conterá as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte.

A coordinación e seguimento do Plan anual normativo 2017 estará a cargo do Vicepresidencia da Xunta, que no primeiro trimestre de 2018 informará do grao de cumprimento do plan, incluíndo aquelas iniciativas adoptadas que non estaban inicialmente contidas e a xustificación daquelas que non foron elevadas durante este ano.

A Xunta de Galicia, adiantándose ás previsións da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa aprobou no ano 2014 o Programa de desenvolvemento legislativo para a IX lexislatura. Con estas iniciativas, estipúlense os principios coordinadores da actividade normativa de todo o goberno galego, co fin de acadar un contorno legislativo renovado máis intuitivo, máis simplificado, máis ordenado e cunha comprensión máis rápida e fácil para a cidadanía.

A optimización dos recursos públicos, a eficacia na xestión e o logro da máxima coordinación das distintas unidades administrativas son principios básicos que guían a actuación da Xunta, que comezou xa no ano 2009 co proceso de racionalización e

simplificación que se estende á iniciativa legislativa e á potestade regulamentaria do Goberno galego.

MEDIO AMBIENTE DESTINA 257.000 EUROS AO ACONDICIONAMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS NOS CONCELLO DA BOLA E SAN AMARO

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura de dous convenios de colaboración para a execución de dúas actuacións enmarcadas no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra mellorarase a calidade de vida dos veciños mediante a creación de espazos seguros e accesibles*
- *Estas melloras concordan cun dos obxectivos do Plan hUrbe, como é promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais baixo criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura de dous convenios de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e os concellos da Bola e San Amaro para o acondicionamento e posta en valor das zonas públicas e paseos do núcleo de Podentes, na Bola; e do Campo da Feira, en San Amaro. Mediante estes convenios de colaboración, a Xunta de Galicia realizará un investimento total de 257.303 euros, que se distribuirán do seguinte xeito: 107.303 para A Bola e 150.000 euros para San Amaro.

Trátase de dúas actuacións recollidas no marco do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que as actuacións autorizadas esta mañá encadran completamente neste obxectivo.

No caso concreto de San Amaro, os traballos realizarase nun espazo coñecido como Campo da Feira, cunha extensión de 3.505 metros cadrados de solo público, destinado ao encontro e convivencia dos veciños. Ademais, a cantidade de hórreos que hai nesa zona convértena nun lugar de interese xeral e de especial coidado e protección, polo que está xustifico o procedemento de concesión directa.

Deste xeito, a actuación permitirá mellorar o firme e incrementar as condicións de seguridade tanto para os peóns como para os condutores, ademais da recuperación das zonas verdes e lugares de lecer e esparexemento mediante o acondicionamento do merendeiro e a limpeza da maleza. Tamén se renovará a iluminación pública e se fará ampliación da cuberta do actual local-almacén.

En definitiva, a mellora do contorno contribuirá á conservación e posta en valor do patrimonio cultural e histórico da zona caracterizado pola cantidade de hórreos que se concentran nese punto.

Cómpre destacar que con esta actuación, que subvenciona ao 100% a Xunta de Galicia, preténdese o incremento das condicións de seguridade nos itinerarios de acceso tanto para peóns como para automobilistas, así como a recuperación e o

acondicionamento de espazos pensados para favorecer as relacións entre a veciñanza. Así, renovarase o mobiliario urbano, que, ademais de contribuír á valorización e á humanización do espazo público, garante a comodidade dos veciños.

Por todo isto, a Consellería de Medio Ambiente considera necesarias estas obras por canto redundarán na mellora da calidade de vida da poboación, a través da creación de espazos seguros, accesibles e habilitados para prestar os servizos públicos municipais. Por conseguinte, esta actuación ten xustificado o seu carácter excepcional de interese público e, polo tanto, o sometemento ao procedemento de concesión directa.

Cómpre lembrar que o convenio da actuación aprobado hoxe é o cuarto proxecto que a Consellería de Medio Ambiente leva a cabo no concello de San Amaro, xa que en 2010 procedeuse ao acondicionamento de espazos públicos no núcleo de Andrade e Alemparte, por un importe de 151.254,88 euros. O ano seguinte, en 2011, melloráronse as zonas comúns no Cruceiro para o que se destinaron 98.385,71 euros e en 2013 adecuouse o espazo público do Castro cun orzamento que ascendía a 94.882,46 euros.

Posta en valor do paseo e zonas públicas de Podentes, A Bola

Por outra banda, o Consello da Xunta deu luz verde a outro convenio de colaboración que asinará a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio co Concello da Bola para o acondicionamento das zonas de uso común e o paseo do núcleo de Podentes. Esta actuación contará cun orzamento de 107.303 euros e suporá a mellora dun dos núcleos de poboación do concello ourensán en que se concentran a maior parte dos servizos da vila, isto é, o centro de saúde, farmacia, fogar residencial e centro de día. Ademais, trátase da zona de máis actividade comercial da vila.

En concreto, a actuación redundará na mellora dos accesos mediante a dotación de novos pavimentos e firmes que facilitarán tanto o tránsito a peóns como a vehículos, ao tempo que garantirá a súa seguridade. Así, as beirarrúas serán remodeladas con nova pavimentación e mellorarase a rede de saneamento e subministración de auga coa instalación de novas canalizacións.

Ao igual que en San Amaro, con esta iniciativa, que subvenciona ao 100% a Xunta de Galicia, preténdese incrementar as condicións de seguridade na zona, a través da creación de espazos seguros, accesibles e habilitados para a prestación dos servizos públicos municipais. Neste sentido, é importante destacar que se realizarán melloras substanciais en canto a facilitar o tránsito de persoas con mobilidade reducida.

MEDIO AMBIENTE DESTINA MÁIS DE 180.000 EUROS Á MELLORA DA PRAZA DO CONCELLO NO NÚCLEO DE CERDEDO

- *O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración para a execución desta actuación, enmarcada no Plan hUrbe*
- *Grazas a esta obra mellorarase a calidade de vida da poboación, construíndo un espazo seguro e accesible*
- *Esta mellora é acorde cun dos obxectivos do Plan hUrbe, promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais con criterios de sustentabilidade económica*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, autorizou a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a mellora da praza do Concello no núcleo de Cerdedo, por un importe de máis de 180.000 euros (182.603,91).

Trátase dunha actuación recollida no marco do Plan hUrbe, que ten entre as súas finalidades mellorar e promover o desenvolvemento das vilas e dos núcleos rurais, polo que a actuación autorizada esta mañá é acorde con este obxectivo.

Neste caso concreto, a praza constitúe un espazo aberto de encontro e convivencia co que conta a poboación do núcleo de Cerdedo. No ámbito praza existe tamén un parque infantil. Estas circunstancias fan necesaria a actuación para dar seguridade aos seus usuarios.

Coas actuacións que se levarán a cabo preténdese a reestruturación integral da praza, respectando os elementos existentes e aumentando as áreas peonís, acoutando as zonas de circulación e aparcamento de vehículos. Así, executarase unha renovación e ampliación de pavimentos, renovación da rede de abastecemento de auga para as vivendas, dotación de rede de iluminación pública e mobiliario urbano.

Coa actuación, subvencionable ao 100% por parte da Xunta, preténdese a reestruturación integral da praza, respectando os elementos existentes e aumentando as áreas peonís, acoutando as zonas de circulación e aparcamento de vehículos.

Ademais, fomentarase a conservación e recuperación de espazos públicos, coa finalidade da súa posta en valor como espazo social, cultural e economicamente activo; tamén se promoven todas aquelas actuacións orientadas a mellorar a seguridade viaria e peonil, a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, co fin de mellorar o benestar dos veciños.

Cómpre lembrar que o convenio da actuación aprobado hoxe é o terceiro proxecto que a Consellería de Medio Ambiente leva a cabo neste concello, xa que con anterioridade se realizou a humanización das rúas da Mina e dos Carballos, grazas a un convenio asinado en xuño de 2011, por un importe de 533.123 euros; e en maio de 2015 a pavimentación da rúa da Torrente, cun importe de 58.617 euros.

Un dos obxectivos da Xunta de Galicia é promover a execución de equipamentos urbanos municipais, co fin de dotar os concellos dunha adecuada oferta de actividades de ocio, recreativas, culturais e de lecer, co obxecto de mellorar a calidade vida da súa cidadanía e do público en xeral.

Esta actuación pon de manifesto os esforzos do Goberno galego por mellorar as vilas galegas, xa que no presente exercicio se executarán 15 actuacións en varios concellos, o que se traduce nun orzamento de case tres millóns de euros.

Desde a súa posta en marcha, no ano 2010, o investimento no conxunto de Galicia elévase a 123 millóns de euros para facer realidade 157 actuacións.

Cómpre recordar que este plan ten un triplo obxectivo: fomentar a humanización das vilas de Galicia, favorecer a cooperación da Administración autonómica e os concellos e promover o reequilibrio territorial na nosa Comunidade, coa recuperación de espazos públicos.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A INTEGRACIÓN DOS SISTEMAS DE TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA, AUMENTANDO SERVIZOS NO RURAL E GARANTINDO O ACOMPAÑANTE EN TODAS AS LIÑAS ESCOLARES

- *Trátase dun paso decisivo para a posta en marcha o próximo mes de agosto da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, que garantirá a continuidade dos servizos con novas fórmulas para a reordenación do sistema*
- *A integración do transporte escolar no transporte regular será en principio parcial e afectará en torno ao 10% das rutas de alumnos, refórzase a oferta de mobilidade nas zonas afectadas ao duplicarse o número de paradas de autobús*
- *En todas as liñas de transporte escolar integradas estará garantida o monitor acompañante, o que permitirá aumentar a presenza deste responsable en ata un 10%*
- *O acordo, que conta coa conformidade das principais agrupacións das Anpa, garante que a prioridade será o correcto funcionamento do transporte escolar, quedando blindada a atención das necesidades do alumnado*
- *A Consellería de Infraestruturas e Vivenda someterá a información pública nos vindeiros días o novo mapa de transportes, formado por proxectos de explotación das liñas de autobús agrupadas en contratos zonais e con integración de distintos sistemas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo de racionalización e integración dos servizos de transporte público contratados polo Goberno galego, o que permitirá unha racionalización da oferta dos servizos, incrementando a cobertura territorial e introducindo melloras no seu funcionamento grazas a unha xestión máis eficiente.

Esta decisión fará posible, de acordo co establecido na Lei 2/2017, empregar as prazas vacantes do transporte escolar para o transporte regular de pasaxeiros nos casos nos que sexa posible e necesario, aumentando así as posibilidades de mobilidade dos habitantes do rural e estendendo a figura do acompañante a todas as liñas nas que se opte por esa convivencia.

A integración das rutas escolares no transporte regular será, nun primeiro momento, parcial, e afectará en torno ao 10% das liñas de estudantes. Nas zonas nas que se integrarán ambos os dous sistemas, reforzase o acceso ao transporte público da poboación, ao duplicarse o número de paradas de autobús.

Ademais, en todas as liñas de transporte escolar integradas estará garantida o monitor acompañante, o que permitirá aumentar a presenza deste responsable en ata un 10%, en función das zonas.

O acordo garante que a prioridade nesa integración será o correcto funcionamento do transporte escolar, quedando blindada a atención das necesidades do alumnado en canto a horarios e ás paradas, así como asegurando a figura do acompañante escolar en todas as liñas.

Antes da aprobación deste acordo, as consellerías de Infraestruturas e Vivenda e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deron conta do seu contido aos principais colectivos de asociacións de nais e pais de alumnos (Anpa) de Galicia, que mostraron a súa conformidade, coincidindo en que se trata dunha oportunidade para mellorar a oferta de servizos de transporte no rural, que favorece, ademais, a convivencia interxeracional.

Este acordo representa un paso decisivo para a posta en marcha, o próximo mes de agosto, da primeira fase do Plan de transporte público de Galicia, coa que se pretende garantir a continuidade dos servizos unha vez que finalice a vixencia dos contratos de concesión. E, ao mesmo tempo, anticipar solucións para a reordenación plena do sistema, apostando polo aproveitamento de sinerxías, pola racionalización da oferta e pola coordinación de servizos.

As novas medidas que se porán en marcha a curto prazo en diferentes zonas da comunidade serán avaliadas de forma permanente de cara á reordenación global do sistema de transporte público en Galicia, que culminará coa aprobación definitiva do plan en decembro de 2019.

O Parlamento de Galicia aprobou o pasado ano a Lei 10/2016 de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, establecendo as actuacións que debe seguir a Administración para adaptar o sistema ás necesidades da sociedade en materia de mobilidade, a través da elaboración dun Plan de transporte público de Galicia.

De acordo con esa lei, e tendo en conta que unha parte importante das actuais concesións de transporte público regular perderán a súa vixencia o vindeiro mes de agosto, a Xunta de Galicia centra a primeira fase de reordenación do sistema nas zonas afectadas pola caducidade inminente das concesións.

Dese xeito, deseñou unha nova rede de transporte público que procura a máxima cobertura territorial, garantindo a atención prioritaria dos colectivos de menores, e mesmo mellorando os niveis de calidade e prestación de servizo preexistentes.

Nos vindeiros días, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda prevé someter a información pública ese novo mapa de transportes, formado por proxectos de

explotación das liñas de autobús agrupadas en contratos zonais e integrando os distintos sistemas existentes.

Esa integración de distintos sistemas de transporte realizarase nos casos en que se cumpran os obxectivos de ampliar a cobertura territorial, facilitar o equilibrio económico financeiro dos contratos, a mellora da mobilidade da poboación afectada e a plena garantía da atención prioritaria dos colectivos afectados, neste caso, os usuarios do transporte escolar.

EDUCACIÓN GARANTE A FORMACIÓN INICIAL DOS INVESTIGADORES DO SUG AO FINANCIAR OUTROS 100 CONTRATOS PREDOUTORAIS ATA 2020

- *A Consellería mobiliza 7,4 millóns de euros, que blindarán o traballo dun centenar de científicos das universidades galegas ao longo de tres anos*
- *Os contratos manteñen os mesmos niveis que na anterior convocatoria: oscilarán entre os 20.500 e os 23.500 euros anuais dependendo da modalidade*
- *Nesta liña de axudas garántese a representación de todas as ramas de coñecemento e inclúense estadías de tres meses de duración no estranxeiro*
- *Na selección valorarase a pertenza dos candidatos a grupos de investigación ou ás mellores estruturas de investigación do sistema: as agrupacións estratéxicas consolidadas e os centros singulares de investigación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria garante un ano máis a formación inicial dos investigadores galegos ao financiar outros 100 contratos predoutorais desde 2017 ata 2020. O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á convocatoria deste ano de axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do sistema galego de I+D+i, unha convocatoria que, por segundo ano consecutivo, se fai de forma conxunta entre a Consellería e a Axencia Galega de Innovación (GAIN). Ao igual que na convocatoria anterior, mobilízanse 7,4 millóns de euros co obxectivo de beneficiar un total de 100 investigadores.

Este programa fomenta a formación dos científicos desde etapas iniciais (preparación da tese doutoral), partindo da base de que, mediante procesos formativos estables, adquirirán as habilidades propias do persoal investigador. Ademais, permite lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación, comparable a outros países europeos. En concreto, hoxe hai 155 contratos predoutorais no Sistema Universitario de Galicia enmarcados dentro desta liña de apoio.

Modalidade A: ata 23.500 euros

A convocatoria divídese en dúas modalidades. Na modalidade A as axudas están enfocadas a potenciar as traxectorias de investigación vinculadas ás áreas estratéxicas segundo os obxectivos definidos na Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3, para mellorar a competitividade, o crecemento económico e o emprego sustentable a través da innovación, e que orientarán as políticas de cohesión da Unión Europea para o período 2014-2020.

A previsión é financiar 57 contratos predoutorais nesta modalidade e o importe máximo de cada axuda ascenderá a 23.500 euros anuais.

Modalidade B: ata 20.500 euros

Con esta modalidade búscase garantir a representación de todas as ramas do coñecemento, establecendo un número de prazas para aquelas áreas que se atopan con máis dificultades de encaixe directo nos sectores produtivos, pero que resultan fundamentais para o crecemento sustentable dunha económica baseada no coñecemento. Deste xeito, garántese un mínimo de 10 axudas no ámbito das universidades para artes e humanidades, e outras 10 para ciencias sociais e xurídicas, sempre que o número de solicitudes o permita.

Nesta categoría beneficiaranse un total de 43 investigadores que preparan a tese e o importe máximo de cada axuda será de 20.500 euros anuais.

Mención de doutor internacional

Ademais, ambas as dúas convocatorias inclúen estadías de tres meses de duración no estranxeiro cun importe máximo de 4500 euros, en función do destino. Deste xeito, se o científico escolle Portugal ou Andorra recibirá 1500 euros; se realiza a súa estadía en Europa (salvo os dous países anteriores), África ou América (agás Estados Unidos e Canadá) terá á súa disposición 3000 euros; e se o destino é Estados Unidos, Canadá, Asia ou Oceanía, a achega será de 4500 euros.

As estadías no estranxeiro, que terán que realizarse entre o 1 de marzo de 2018 e o 31 de outubro dese mesmo ano, permitiránlles acadar a mención de doutor ou doutora internacional.

Cómpre ter en conta que, dentro dos criterios de puntuación, terase en conta que o candidato pertenza a un grupo con potencial crecemento ou de referencia competitiva do SUG, a un equipo de investigación dirixido por persoal investigador do programa Oportunius ou ben ás mellores estruturas de investigación coas que conta o sistema universitario: as agrupacións estratéxicas consolidadas e os centros singulares de investigación.

Máis de 16 millóns para fortalecer a masa investigadora

Esta convocatoria, que en breve se publicará no *Diario Oficial de Galicia*, súmase ao programa de apoio á etapa de formación posdoutoral –dotado con preto de 9 millóns para formalizar 71 novos contratos–, que busca favorecer a internacionalización, a especialización e a consolidación nas universidades galegas do talento investigador.

Entre ambas as dúas liñas de apoio, Educación e GAIN mobilizan máis de 16 millóns de euros ata 2020 co fin de financiar a tese e formar os investigadores nunha primeira etapa, así como internacionalizar e reter os científicos na fase posdoutoral.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A ACEPTACIÓN DOS CENTROS DE SAÚDE DE MUGARDOS E DAS PONTES

- *Pertencen ao grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas asumirá os gastos no eido do Pacto local*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a aceptación da cesión do terreo e o inmovible dos centros de saúde de Mugardos e As Pontes de García Rodríguez, ambos os dous da provincia da Coruña, feita a título gratuito polos respectivos concellos, a favor do Servizo Galego de Saúde.

Estas cesións pertencen ao grupo de 18 centros de saúde dos cales o Sergas anunciou hai unhas semanas a asunción dos seus custos de mantemento. Súmanse aos 49 centros cedidos xa á Comunidade Autónoma no eido do Pacto Local.

A estimación dos custos de mantemento do centro de saúde de Mugardos para este ano é de 43.696,86 euros. O predio no que está situado o centro de saúde ten unha superficie total construída de 660 metros cadrados. Pola súa banda, a estimación dos custos de mantemento do centro das Pontes é de 112.117,51 euros; o predio no que está situado este centro de saúde conta cunha superficie total construída de 2069 metros cadrados.

O proceso de asunción é en todo caso voluntario para os concellos, que previamente asinan uns convenios nos cales se establecen as bases da cooperación co Sergas para "a cesión da propiedade do centro de saúde do que é titular o dito concello ao Servizo Galego de Saúde e para a asunción, por parte deste organismo, dos gastos do seu mantemento". O concello comprométese a realizar todos os trámites patrimoniais e urbanísticos que sexan necesarios co fin de posibilitar a cesión patrimonial do centro de saúde libre de cargas e gravame así como a aprobar determinadas exencións e bonificacións fiscais, e o Servizo Galego de Saúde acepta a cesión do inmovible e comprométese a asumir os gastos de mantemento.

Cómpre destacar que a asunción de obrigas de contido económico para o Servizo Galego de Saúde xorde no momento en que se eleve a escritura pública a cesión da titularidade dos centros ao Servizo Galego de Saúde.

Pacto local

Entre as actuacións recollidas no Pacto local, acordo asinado en xaneiro de 2006 entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), encóntrase a asunción por parte da Comunidade Autónoma dos custos de mantemento dos centros de saúde a cargo dos concellos.

Isto concretouse nun protocolo formalizado entre a Consellería de Sanidade e a Fegamp sobre asunción dos gastos de mantemento dos centros de saúde, onde se establece o procedemento que se deberá seguir para a cesión da propiedade -voluntaria para os municipios- das devanditas instalacións ao Servizo Galego de Saúde.

A XUNTA IMPULSARÁ O FINANCIAMENTO DA INDUSTRIA GALEGA COA MOBILIZACIÓN DE 20M€ A TRAVÉS DO PROGRAMA DE PRÉSTAMOS BEI

- *O Igape amplía ata finais de maio de 2018 o prazo de presentación de solicitudes desta liña, que permitiu aprobar xa préstamos por 6,5 millóns para 17 compañías que empregan preto de 800 traballadores*
- *As empresas beneficiarias corresponden a sectores como o conserveiro, téxtil, madeira e moble, transformación de produtos lácteos ou pesqueiros, elaboración de viños, fabricación de envases plásticos para a industria conserveira, fabricación de pezas enerxía eólica ou de calzado*
- *Este programa de préstamos forma parte do programa de financiamento Galicia 1000, que prevé apoiar 3000 empresas este ano*

A Xunta de Galicia impulsará o financiamento das empresas industriais galegas mobilizando ata 20 millóns de euros no próximo ano a través da liña de préstamos BEI, que ampliou o seu prazo de presentación de solicitudes ata finais de maio de 2018. A través deste programa, apóianse tanto investimentos de ampliación, renovación tecnolóxica ou modernización como circulante para as compañías que precisen reforzar as súas estruturas financeiras ou avanzar nos seus procesos de internacionalización.

Durante os últimos meses, o Igape concedeu a través da liña fornecida con fondos do Banco Europeo de Investimentos financiamento por importe de 6,5 millóns de euros para mobilizar preto de 8 millóns de euros, facilitando a realización de investimentos – para ampliación ou modernización tecnolóxica de instalacións produtivas– así como circulante a 17 compañías que empregan conxuntamente preto de 800 traballadores.

As empresas beneficiarias corresponden a sectores como o conserveiro, téxtil, madeira e moble, transformación de produtos lácteos ou pesqueiros, elaboración de viños, fabricación de envases plásticos para a industria conserveira, fabricación de pezas para a enerxía eólica ou de calzado.

O programa de préstamos Igape-BEI inclúe unha liña para investimentos que regula a concesión de créditos que poden financiar, con prazos de amortización que poden alcanzar ata os 12 anos, ata o 50% dos proxectos desenvolvidos en Galicia, fundamentalmente os promovidos por pemes industriais e empresas do sector da automoción. O programa está preparado para financiar, ademais, operacións de circulante, de ata 500.000 euros e con prazos de amortización de 2 a 5 anos, destinadas a reforzar as estruturas financeiras das pemes galegas para procurar que medren e poidan avanzar na súa internacionalización.

Este programa de préstamos forma parte do Plan de financiamento Galicia 1000, que prevé apoiar 3000 empresas este ano, e que se complementa coas axudas directas de

programas como Galicia Emprende e Galicia Investe. Tamén no ámbito do Galicia 1000, a Consellería de Economía, Emprego e Industria activará en datas próximas os microcréditos e préstamos bonificados para financiar investimentos e circulante para emprendedores, autónomos e pemes.

GALICIA VOLVE SER A COMUNIDADE COS PREZOS DE MATRÍCULA UNIVERSITARIA MÁIS BAIXOS DO ESTADO PARA O CURSO 2017/18

- *A Xunta volve conxelar, por quinto ano consecutivo, os prezos públicos do conxunto de graos e máster nas tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG)*

No vindeiro curso 2017/18 Galicia volve a ser a Comunidade Autónoma cos prezos de matrícula universitaria máis baixos de toda España, polo que o Sistema Universitario Galego (SUG) se consolida como un dos máis accesibles para todo o estudantado desde o punto de vista económico. Así se desprende do informe elevado hoxe ao Consello da Xunta pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e que se ratificará -dentro dunhas semanas- no decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o vindeiro curso.

Deste xeito, este será o quinto ano que a Xunta mantén conxelados os prezos públicos da totalidade de graos e máster que ofertan as tres universidades do SUG, e o sétimo ano que leva conxelada a taxa de primeira matrícula de grao.

Con esta proposta, a Xunta ratifica a súa decisión de manter os prezos públicos nos niveis dos cursos anteriores, de xeito que o Sistema Universitario de Galicia continúe a ser o máis accesible de toda España para o estudantado. Reforza, por tanto, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades no acceso aos estudos universitarios, como vén facendo desde o ano 2009.

Prezos medios

No caso dos graos universitarios, o prezo medio das primeiras matrículas de grao (que representan o 78 % do total) mantense en 11,89 euros/crédito, o máis baixo de España, fronte aos 25,14 euros de media de Cataluña, e aos 17,77 euros de media de España.

No caso dos másteres, Galicia é a segunda comunidade coas taxas máis baixas de España, cunha media de 26,49 euros, fronte aos 65,87 euros/crédito de Cataluña, e 11,05 euros menos que a media estatal.

Cómpre lembrar que Galicia é comunidade líder na defensa duns prezos públicos axustados que permitan que ninguén quede fóra da Universidade por motivos extraacadémicos. Para iso, o Consello Galego de Universidades emitiu un informe favorable sobre a subida mínima permitida dos prezos públicos (o IPC) nos cursos 2009/10, 2010/11 e 2011/12. A partir do cambio de sistema para a actualización dos

prezos, o curso 2012/13 decidiuse conxelar os prezos públicos da primeira matrícula de grao e aprobar a suba mínima posible para os de sucesivas matrículas. Para os cursos 2013/14, 2014/15, 2015/16 e 2016/17 optouse pola conxelación, da mesma forma que se propón agora para o curso 2017/18.

ENTRE 2002 E 2016 REVISÁRONSE MÁIS DE 263.306 NEONATOS DE TODA GALICIA NO MARCO DO PLAN DE XORDEIRA NEONATAL

- *Isto representa o 99% dos nados tanto nos hospitais do Servizo Galego de Saúde como nos centros privados*
- *Do total de nenos participantes, detectáronse un total de 252 nenos e nenas con hipoacusia nas sete unidades de diagnóstico do programa*

O número de nenos que se realizaron a proba de cribado no marco do Plan galego para a detección precoz da hipoacusia neonatal foi aumentando de xeito progresivo e de forma paralela á incorporación dos diferentes hospitais e maternidades privadas. Desde o seu inicio no ano 2002 e ata decembro de 2016, foron revisados máis de 263.306 neonatos. Son datos do último informe do programa que presentou o conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, esta mañá no Consello da Xunta.

Respecto á participación no programa, este ano 2016 (e como vén sendo desde 2004) acadada unha participación superior ao obxectivo fixado como desexable do 99%.

No ano 2005 o programa estaba implantado nos 14 hospitais do Servizo Galego de Saúde e desde o ano 2007 a excelente dispoñibilidade e colaboración manifestada polas maternidades privadas permitiu que, mediante convenios de colaboración, se iniciase a implantación progresiva do programa nestas maternidades privadas unha vez que estes centros tiñan preparados os seus sistemas informáticos e establecidos os procedementos necesarios.

O custo global do programa no ano 2016 foi de 268.647 euros. Inclúe todo o material desbotable para a realización das probas aos nenos, a reposición de dous equipos, así como o mantemento e calibración anual de todos os equipos funcionantes no sistema público.

Derivacións para diagnóstico e detección de hipoacusia

Desde a implantación do programa e ata decembro de 2016, do total de nenos participantes no programa, 1.961 precisaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias, o que supón unha taxa de derivación global do 0,74%.

Tras a realización da proba de cribaxe, aqueles nenos que non a superan satisfactoriamente (isto pode ser debido á presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema auditivo do neonato) son derivados ás unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia co fin de confirmar ou desbotar a presenza de hipoacusia. Tras a confirmación do diagnóstico definitivo, e antes dos 6 meses de idade, os nenos deben iniciar un tratamento ben

médico-cirúrxico ou de rehabilitación protésica e foniátrica segundo cada caso individual, co fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

Dos nenos derivados á unidade de diagnóstico durante o ano 2016, o 83 % tiveron a súa primeira consulta con primeira proba realizada antes dos 60 días de vida.

Finalmente, detectouse un total de 252 nenos e nenas con hipoacusia nas sete unidades de diagnóstico do programa. A taxa de detección no período 2002-2016 é de aproximadamente 1 por cada mil nenos cribados.

Beneficios do convenio coa USC

A Consellería de Sanidade e a USC (concretamente a Unidade de Audioloxía da Escola Universitaria de Óptica e Optometría) manteñen desde 2012 un convenio para a prestación de apoio técnico para o desenvolvemento das actividades relacionadas coa adaptación protésica e seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados polo programa.

Un dos piares básicos no tratamento dos nenos diagnosticados polo programa é unha correcta indicación e adaptación inicial das próteses auditivas e un correcto seguimento e control da calidade desta adaptación.

Na data de hoxe, 82 nenos diagnosticados polo programa están sendo beneficiados por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíto aos audífonos que precisaban e se lles garantiu a súa correcta adaptación e seguimento para obter o máximo beneficio que pode proporcionarlles o feito de ter participado no programa.

A XUNTA CREA A MESA DA CASTAÑA COMO ÓRGANO COLEXIADO PARA IMPULSAR UNHA PRODUCIÓN FORESTAL NA QUE GALICIA É LÍDER NACIONAL

- *Na nosa Comunidade prodúcense máis de 20 millóns de quilos de castaña ao ano, cun valor superior aos 70 millóns de euros en comercialización do produto, unha vez transformado*
- *O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe a un informe de Medio Rural sobre a orde que regulará a posta en marcha, organización, funcionamento e composición desta mesa*

A Xunta crea a Mesa da Castaña como órgano colexiado de carácter consultivo e asesor, integrado pola propia Administración autonómica e polos principais axentes relacionados con esta produción forestal. O Consello do Goberno galego deu hoxe o seu visto e praxe a un informe da Consellería do Medio Rural sobre a orde de creación deste órgano e que regulará a súa organización, funcionamento e composición.

Esta mesa contribuirá ao fomento, promoción e mellora da produción deste froito en Galicia, comunidade española líder no sector. Así, na última campaña os datos de produción superan os 20 millóns de quilos, que se traducen en máis de 30 millóns de euros pagados aos produtores e que xeran un valor superior aos 70 millóns de euros en comercialización unha vez transformados.

Ademais, Galicia conta cunha extensa superficie de castiñeiro, ben como especie principal, que ocupa unha extensión de 12.500 hectáreas en masas puras, ben secundaria, en formacións mixtas, que chega a unha superficie de 46.455 ha, segundo os datos do último Inventario forestal nacional. Ademais, os soutos produtivos de froito ascenden aproximadamente a 38.000 ha.

A mesa estará presidida polo director xeral de Ordenación Forestal e contará con dez vogais, cinco en representación da Administración autonómica e os outros cinco do sector. Entre as súas finalidades están as de servir como foro continuado de diálogo e traballo que aglutine os principais axentes relacionados coa castaña, así como estudar e impulsar medidas de fomento, promoción e mellora deste produto forestal e do seu aproveitamento sustentable. Tamén terá entre os seus obxectivos o de organizar, promover e dar apoio ás iniciativas do sector destinadas á súa propia vertebración económica e social e contribuír ao coñecemento por parte da sociedade da dimensión socioeconómica e ambiental do sector.

A creación deste órgano colexiado faise como parte do desenvolvemento da Lei 7/2012, do 20 de xuño, de montes de Galicia. Esta norma faculta a Administración forestal

para promover e poñer en marcha mesas sectoriais para o fomento, promoción e mellora dos produtos do monte.